




# PEDRA FURADA (O XURÉS)

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 12-14 km (ida e volta)

**Dificultade:** alta

**Duración:** 7 horas



Unha camiñada de ida e volta na que se fan entre 12 e 14 km, ao longo da liña da fronteira, pola parte alta da Encosta do Sol. Unha ruta para a que hai que ir ben provistos porque non ten nin unha soa sombra en todo o percorrido. Unha camiñada con longas subidas e algunhas baixadas, as que hai entre unha lomba e outra, para subir dos 730 m aos 1.400 m por carreiros de monte, guiados pola propia xeografía, as pedras guía, e os marcos da fronteira e a liña de lastras que a define; para gozar de grandes panorámicas da serra a un e outro lado da liña de cumes, a Fraga da Albergaría, o val do Río Homem ata o encoro de Vilariño das Furnas, o val do Río Caldo, os cumes descarnados e as formas creadas pola erosión nas pedras que os coroan, e pequenas plantas e bechos varios que teñen o seu hábitat nesta especial paisaxe.

## PERCORRIDO

Comezamos a ruta no antigo posto fronteirizo de Portela do Home, onde hai que deixar o coche, e baixamos pola estrada case ata o pé da ponte sobre o río Homem. No medio da curva que fai a estrada antes de chegar ao río, á esquerda, atópase un carreiro que vai cara á esquerda e empeza a gañar altura, é o camiño que temos que seguir, nun par de zigue-zagues lévanos por enriba da liña das árbores e por entre matogueiras para situarnos nun alto desde o que se ve o río Homem e a mata da Albergaría e un pouco máis adiante e arriba achéganos a un marco da fronteira. Desde aquí só queda guiarnos polos sinais e o, a veces case invisible, carreiro para podermos acadar o punto final do percorrido. Cando xa levamos feita un algo máis da metade da camiñada, desde o Coto do Bidueiro, se nos fixamos ben, xa podemos ver, ao lonxe, á esquerda dos Cabezos do Mondelo, o arco de pedra. Seguindo o camiño, que non vai sempre ao pé dos marcos, acadaremos o alto dos Cabezos e alí, un pouco ao norte do marco nº 52, moi doado de recoñecer porque tamén ten ao pé un vértice xeodésico, atópase a Pedra Furada. Desde aquí cara ao leste destaca a blanchura das Albas e as alturas do Altar dos Cabrós e a Nevosa, o cume máis alto da serra do Xurés.

A volta faise máis lixeira que a subida pero a baixada tamén ten o seu aquel.



Carballo no comezo da ruta, á beira da estrada.





Vista da mata da Albergaria



A "raia"



Narcisos nun furado entre as rochas



Pedra Furada

